Boas tardes Dª Antía, autoridades e a tódolos asistentes a este acto de homenaxe tan merecido que o concello de Muras lle tributa a Dª Antía Cal Vázquez, unha MESTRA en moitas facetas da súa vida.

Permítame Dª Antía que a partir de agora me dirixa a vostede con nome de Tita. Tita do Mesón, así foi como sempre oín falar de vostede na miña familia e entre os meus veciños, principalmente Antoñita e Delia de Perros e Manolita das Aguias.

Para os que son foráneos, direi que son Mª Luz Guerreiro, e que coñezo a Tita porque a miña familia paterna (os de Pascual de Outeiro) vivían "porta con porta" coa súa familia materna (os de Vázquez do Mesón). Cónstame que, apesares de que o nivel económico entre ambas familias non era parello, mantiñan unha estreita relación e Vázquez e Pascual emprenderon xuntos hai case un século algunhas iniciativas moi destacables para a época, por exemplo a planta da luz e a traída da auga para as Aguias.

A primeira referencia que tiven de Tita foi a través dun cadro da foto da súa voda (incluída no fermoso e emotivo libro "Este camiño que fixemos xuntos") que tantas veces vin na casa de meus ovos e que agora está na casa onde me criei. Cando preguntei se aquela fermosa noiva era algunha das curmáns de meu pai que vivían nas Américas, dixéronme que non, que era Tita do Mesón, unha sobriña de Cándida, filla de Vicenta do Mesón e de Cal da Xestosa, e describíronma así:

- Vivía en Vigo, onde fundara un colexio moi importante.

-Casou cun oculista moi destacado e celebraron o convite na fraga do Mesón.

-Moi afable e moi boa moza. Véndoa hoxe, podemos dar fe que non esaxeraban.

Co paso dos anos constatei que vostede puxo en práctica no seu colexio métodos pedagóxicos moi avanzados para aquela época de escurantismo do franquismo. Tivo a iniciativa de viaxar fóra de Galicia e de España para establecer contacto con outros profesionais deste ámbito. Seguramente foron moitas as ocasións nas que a miña veciña Delia de Perros, fervente admiradora de Rosalía de Castro, me ten recordado que o colexio de Tita do Mesón levaba o nome desta insigne escritora. Que boa idea tivo a corporación do Concello de Muras de propor que o colexio deste concello pasase a levar o seu nome: Antía Cal Vázquez, MESTRA con maiúsculas! Ogallá este colexio, polo ben de todos, continúe en activo moito tempo.

Cónstame tamén que o seu home, Antón Beiras, foi un oftalmólogo moi prestixioso, e ademais un gran defensor dos valores de Galicia e de Muras. Mágoa que falecese tan prematuramente. Oín falar moitas veces na miña infancia da celebración da súa voda na fraga do Mesón. Hoxe non sería un acontecemento

excepcional pero naqueles tempos seguro que si, máxime tendo en conta que vostedes podían tela celebrado no mellor restaurante de Vigo. Recordo que a miña veciña Mª Loli e eu fantasiabamos de nenas coa idea de celebrar as nosas respectivas vodas tamén nunha fraga, neste caso na de Perros, emulando a Tita do Mesón. De momento non o levamos a cabo pero, quen sabe...

Sempre valorei moito que durante as súas estadías no Mesón tratase aos veciños con tanta afabilidade e empregando a lingua na que eles mellor se desenvolvían, sen que se percibise a evidente diferenza de status social. Particularmente considero que os traballadores do campo, fornecedores de alimentos para a poboación, son tan dignos como os de calquera sector da sociedade, pero vostede sabe moi ben que non sempre isto se viu así.

Volvendo ó seu mencionado libro, direi que cando souben da súa existencia fíxenme con el o antes posible e lino con gran avidez. Saiba Tita que durante a súa lectura caéronme varias veces bágoas porque en diversos parágrafos referidos ós seus recordos do Mesón recoñecín anécdotas que meu o pai me tiña contado en moitas ocasións. Mágoa que el xa non vivise para que eu lle puidese ler eses fragmentos. Imaxínomo dicindo: " haber, haber, volve a ler iso". Emocionoume particularmente tamén ver no libro a foto da malla na aira do meu avó Pascual. Corresponde a finais dos anos 50 e nela aparecen, entre outros veciños, o meu avó, os meus pais, o meu tío Serxio e Armando das Aguias, todos xa falecidos. Dende hai anos teño exposta nun lugar destacado das miñas casas de Perros e Lugo unha copia desa foto, que no seu momento a súa familia facilitou á miña. Claro está que Pascual, e o resto dos participantes da malla, non tiñan naqueles tempos cámara fotográfica.

Afortunadamente, nunca sentín complexo, a diferenza de moitas outras persoas, de ter nacido no seu dunha familia humilde do rural e de ser o galego a miña lingua materna. Esta forma de pensar e ser viña determinada no meu patrimonio xenético pero, probablemente, tamén influíu en gran medida o feito de ter como referente a persoas como vostede. É o que en xenética lle chamamos "influencia ambiental". Se foi así, grazas.

Finalmente, grazas Dª Antía / Tita por darlle dignidade coa súa traxectoria á profesión de docente (á que eu tamén pertenzo), á condición de muller, a Galicia e á súa lingua e, por suposto, ao Pobo de Muras. Deséxolle unha vida tan lonxeva, ou máis, cá da súa tía Cándida; será un ben para a súa familia e amigos pero tamén para Galiza e para Muras.

Agradezo ós organizadores deste acto a oportunidade que me deron para poder expresarlle a miña admiración a Dª Antía Cal/Tita do Mesón.